



LIFE Lugo + Biodinámico

Na vangarda do urbanismo sostible



Recuperación e posta en valor dun bosque de ribeira

Historia

O Humidal As Gándaras – O Ceao formou parte da vida dos lucenses ao longo da súa historia. Foi zona de pastoreo, de caza e pesca, e onde acudían a cortar leña e a colleitar cogomelos.

En 1982, cando os terreos pasaron a mans do exército e constituíuse A Polvoreira das Gándaras de Piñeiro, estes usos mantivéronse, pero xa para o propio abastecemento dos militares. Os veciños lembran cultivos de cereal e rabaños de cabras, así como unha gran cantidade de coellos que habitaban o lugar.

Ademais, existen pegadas nas áreas asolagadas da instalación dunha pequena industria areeira.

Hoxe en día, o uso do humidal redúcese a un aproveitamento ocasional para pastoreo (cabalo e ovellas) nas zonas máis accesibles. Con todo, os seus beneficios máis importantes están vinculados co ecosistema ao achegar auga, almacenar carbono e axudar á regulación hídrica e á conservación da biodiversidade.

Valores naturais deste Humidal. Os seus Hábitats



Entre os valores naturais do Humidal As Gándaras-O Ceao atópanse os hábitats naturais e seminaturais, que polo seu grao de ameaza, están protexidos a nivel europeo.

Pódense atopar 3 destes hábitats ameazados, as carballeiras galaico portuguesas (Hábitat 9230), os bosques aluviais (Hábitat 91E0*) e os prados de sega de baixa altitude (Hábitat 6510), **hábitats de interese comunitario**, recollidos no Anexo I da **Directiva europea relativa á conservación de hábitats naturais e da flora e fauna silvestres**, coñecida como a Directiva Hábitats.



A flora do bosque

Na parte central deste bosque, a presenza constante de auga durante todo o ano favorece o establecemento do ameneiro (*Alnus lusitanica*), árbore que gusta de ter as súas raíces sempre en contacto coa auga. Noutras áreas abundan os salgueiros (*Salix atrocinerea*).

Nas zonas onde xa non hai auga e os ameneiros non poden medrar, atopamos bidueiros (*Betula pubescens*), abeleiras (*Corylus avellana*), cerdeiras (*Prunus avium*), sabugueiros (*Sambucus nigra*), freixos (*Fraxinus excelsior*) e carballos (*Quercus robur*), entre outras.

Acompañando ás árbores atopamos arbustos trepadores como a hedra (*Hedera hibernica*) e o cadrifollo (*Lonicera periclymenum*) e outras especies como as silvas (*Rubus* spp.), os toxos (*Ulex* spp.) e as xestas (*Cytisus* spp.). Lembra que os ameneirais (Hábitat 91E0*), as carballeiras (Hábitat 9230) e os prados de sega (Hábitat 6510) que atopas neste humidal son hábitats protexidos no ámbito da Unión Europea.



Zonificación:

- 1 Zona permanentemente asolagada con dominio de ameneiros e salgueiros.
- 2 Bosque de ribeira con ameneiros, salgueiros e outras árbores.
- 3 Prados.
- 4 Lagoa artificial, con abundancia de platanaria (*Sparganium erectum*).
- 5 Matogueira.

Outros habitantes do bosque

Os bosques de ribeira, polas súas características de humidade e sombra fan de refuxio e proporcionan alimento a moitas especies de mamíferos coma o raposo (*Vulpes vulpes*) e morcegos (morcego rabudo-*Tadarida teniotis*); réptiles coma a cobra lagarteira (*Coronella austriaca*) e o esgonzo común (*Chalcides striatus*); e aves coma o peto real (*Dendrocopos major*), a azulenta común (*Prunella modularis*), o chasco común (*Saxicola rubicola*), o xirín (*Serinus serinus*), o merlo común (*Turdus merula*), o estorniño negro (*Sturnus unicolor*), a papuxa das amoras (*Sylvia atricapilla*), etc.



lugobiodinamico.eu

LIFE Lugo + Biodinámico é un proxecto europeo impulsado polo Concello de Lugo, pioneiro na planificación ecosostible en cidades de tamaño medio, aproveitando o uso de recursos naturais propios e potenciando a economía verde. Entre as medidas a desenvolver figuran a construción do primeiro edificio público levantado con madeira de Galicia, o deseño do primeiro barrio multicolóxico de España e a elaboración dun catálogo de solucións urbanísticas sostibles, exportable a outras cidades europeas.

Impulsado por:



Financiado por:



Socios:

Co-financiado pola UE a través do Programa LIFE